



ADDENDA Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DO CARBALLIÑO E O CLUB DEPORTIVO ARENTEIRO PARA SUFRAGAR OS GASTOS DERIVADOS DA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE DATA 31.07.2018

FRANCISCO JOSE FUMEGA PIÑEIRO (1 para 1)  
Alcalde - Presidente  
Data de Sinatura: 31/07/2018  
HASH: 5fecd9d16cd0c345799bd018a6567e5c



#### REUNIDOS

Dunha parte D. Francisco José Fumega Piñeiro, Alcalde - Presidente do Concello do Carballiño (Ourense) exceptuado de sinalar as súas circunstancias persoais por razón do cargo que ocupa, actuando en nome e representación do mesmo.

E doutra, D./D<sup>a</sup> Juan Benito Fernández Pinal con DNI 34.942.640-M en representación da Entidade "CD ARENTEIRO" con CIF V-32027057 con domicilio principal Estrada Cabanelas s/n 32500 O Carballiño (Ourense)

#### MANIFESTAN

- I. Conscientes da importancia da colaboración económica entre as Administracións Públicas para a realización de obras sociais que beneficien ao conxunto da cidadanía, tendo en conta que o Club Deportivo Arenteiro está adicado a promover e fomentar o deporte do fútbol na comarca do Carballiño así como a responsabilidade da organización e xestión da Escola Municipal de Fútbol deste Concello do Carballiño
- II. O importe total da axuda ao abeiro deste convenio ascende á cantidade de cincuenta e cinco mil euros (55.000 €) dentro da aplicación orzamentaria 341.11.480.01.
- III. O límite para a xustificación desta subvención é o 30 - 9 - 2018

De acordo co exposto, o Concello do Carballiño e o Club Deportivo Arenteiro, acordan subscribir esta addenda consonte á seguinte

#### CLÁUSULA:

De acordo co artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o beneficiario está obrigado á xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención.

Con respecto ao gasto obxecto de subvención, esta addenda contempla que se considera gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado no presente convenio, quedando fixado dito prazo límite para a súa xustificación o 30 - 9 - 2018

A presente addenda entrará en vigor unha vez subscripta polas partes, mantendo a súa vixencia durante o exercicio 2018, e en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan a presente addenda por triplicado a un só efecto no lugar e data indicada no seu encabezamento.

O ALCALDE,  
Francisco José Fumega Piñeiro

O presidente do Club Deportivo Arenteiro  
Juan Benito Fernández Pinal

